

Diccionario Uxío

Con vocación pedagóxica

XOSÉ FEIXÓ

O *Diccionario Novoneyra* que publica 3C3 acae perfectamente nestas datas como un dos referentes para coñecer con abondosa profundidade a figura do poeta courelao que este ano mereceu a homenaxe de ser agasallado co Día das Letras Galegas. E, certamente, con este libro pódese aprofundar case tanto como se queira na figura, vida ou obra de Uxío Novoneyra. O que si é certo, é que quen vaia procurando un máis ou menos típico diccionario sobre o poeta, sexa no relativo ao vocabulario, no relativo ás ideas, á cronoloxía de feitos, obras, etc., non o vai atopar. É un diccionario, pero no sentido de que nel podemos atopar todos os significados relativos ao poeta, aínda que non alfabeticamente dispostos. Quen lea a libro con apro-

fectamente unha introdución á vida e obra de Novoneyra, seguida dunha escolma da súa obra, adornada con imaxes, completada cunha sinopse, e dotada dunha agra aberta cos recursos didácticos que se xuntan.

Así, temos que concluír que son moitos os seus valores, pois ademais de ser en si unha achega importante para o coñecemento académico do poeta, permite coñecelo mellor, por exemplo, através do comentario literario que fai do coñecido poema *Lantía de Galicia*, ou doutras moitas outras actividades directamente relacionadoas coa súa obra; e permite coñecer e investigar relacións, con suxestións como "As artes e a vida literaria durante a estada madrileña: o grupo Brais Pinto e o Café Gijón", ou mediante traba-

llos individuais ou en grupo, o que fai que o libro poida ser felizmente aproveitado por lectores illados, profesores e alumnos, e del se poidan tirar inúmeras experiencias.

Como xa indicamos, a vocación pedagóxica do libro non impide que a aproximación que se nos fai ao autor conteña, ademais dos aspectos máis coñecidos e obxectivos, outros menos popularizados, como que foi un grandísimo poeta do amor, e que cultivou outras facetas da arte, como a cerámica, a tradución, o gravado ou a pintura.

Conclúe o libro cun cadro sinóptico no que se sinalan as etapas da vida do poeta en relación cos acontecementos máis destacables da historia entre os anos 30 e 99 do século pasado, e para rematar achégasenos unha case exhaustiva bibliografía, por onde seguir, se é o caso, a estela do poeta.

MARIÑO DAVILA,
Esperanza, Diccionario Novoneyra, 3CE Ed., Santiago de Compostela, 2010, PVP.13 €

veitamente, comprenderá sen dúbida por que é un verdadeiro diccionario.

Para comezar, digamos que a autora do atípico diccionario, Esperanza Davila, posúe diversas calidades que a capacitan abondo como para afrontar con éxito a tarefa. En primeiro lugar, pola súa formación; a seguir, porque é boa coñecedora do poeta e das súas creacións, tanto polo seu labor como profesora como polos seus traballos sobre el, e, para finalizar ser rematar, ten a experiencia do libro dedicado no seu día a María Mariño, na mesma editorial e colección, adoptando unha estrutura semellante. Por iso, este libro é per-

